



ACTA

| | |
|-------------------------|--------------------------|
| Expediente núm.: | Órgano Colexiado: |
| XGL/2019/34 | A Xunta de Goberno Local |

| DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN | |
|------------------------------------|-----------------------------------|
| Tipo Convocatoria | Ordinaria |
| Data | 30 de setembro de 2019 |
| Duración | Desde as 12:35 ata as 12:55 horas |
| Lugar | SALA DE SESIÓNS |
| Presidida por | XOSE MANUEL PAZOS VARELA |
| Secretario | ELEUTERIO PENA LAMAS |

| ASISTENCIA Á SESIÓN | | |
|---------------------|-----------------------------------|--------|
| DNI | Nome e Apelidos | Asiste |
| ***4223** | ANA BELEN MARTÍN FERNANDEZ | NON |
| ***9047** | FERNANDO SANTIAGO QUINTEIRO LÓPEZ | NON |
| ***1344** | HUGO FANDIÑO ALBERTE | NON |
| ***3018** | MARIANO ABALO COSTA | NON |
| ***3446** | MARÍA TERESA VILLAR SUÁREZ | NON |
| ***4304** | MARÍA VICTORIA PORTAS MARIÑO | SÍ |
| ***4161** | SAGRARIO MARTÍNEZ FERRARI | SÍ |
| ***2819** | XOSE MANUEL PAZOS VARELA | SÍ |

Escusas de asistencia presentadas:
1. ANA BELEN MARTÍN FERNANDEZ:
«Renuncia ao cargo de concelleira no Pleno 27.09.2019.»
1. FERNANDO SANTIAGO QUINTEIRO LÓPEZ:
«Renuncia ao cargo de concelleiro no Pleno 27.09.2019.»
1. MARÍA TERESA VILLAR SUÁREZ:
«Xustifica baixa médica por enfermidade.»





Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada en data 9 de setembro de 2019

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o borrador da acta da Xunta de Goberno Local realizada o 9 de setembro de 2019.

Expediente 5119/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5119/2018.- Outorgar a Á. G. G., con enderezo en Travesía San Francisco, nº X-Cangas, modificación da licenza de obras concedida para a construción de vivenda unifamiliar, piscina, garaxe e cerramento, sito en Sartaxéns- Mendiña-Aldán (referencia catastral X), de conformidade co proxecto técnico básico modificado elaborado pola arquitecta O.S.A., de data de maio de 2019. Antes do comezo das obras deberá presentar o proxecto de execución e deberá cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a douscentos noventa e oito mil seiscientos sesenta euros con setenta céntimos (298.660,70 €).

Expediente 3405/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3405/2019.- Outorgar a J.A.G.L., con enderezo en rúa do Sobrido, nº X-O Hío, licenza de obras para construír un muro de contención de terras de 57,15 ml., en Sobrido, nº X-O Hío (referencia catastral X), segundo o proxecto elaborado polo arquitecto R. F. G., de data maio de 2019. O presuposto de execución das obras ascende a trece mil catrocentos vinteun euros con corenta e tres céntimos (13.421,43 €).

Expediente 3866/2019. Licenza urbanística





| | |
|---|--|
| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
| <p>EXPEDIENTE Nº 3866/2019.- Outorgar a A.M.G. e V.P.G., con enderezo en rúa Cela, nº X-Cangas, licenza de obras para construír unha piscina de 24,50 m²., en Ourelo, s/n-Darbo (referencia catastral X), de conformidade co proxecto elaborado pola arquitecto técnico R. S. C., de data 1 de xuño de 2019. Deberá a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a sete mil trescentos oitenta e tres euros con corenta céntimos (7.383,40 €).</p> | |

| | |
|--|--|
| Expediente 3909/2019. Licenza urbanística | |
| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
| <p>EXPEDIENTE Nº 3909/2019.- Conceder licenza de obras a M.M.G.P., con enderezo en Praia de Vilariño, nº X-O Hío, para rehabilitación dun hórreo nunha superficie de 6,97 m²., sito no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade co proxecto técnico elaborado polo arquitecto técnico S.G.F. de data xuño de 2019, de conformidade coas condicións impostas na declaración responsable de Costas presentada en data 09.07.2019 e co informe favorable Patrimonio de data 12.09.2019. O presuposto de execución material ascende a mil setecentos corenta e dous euros con noventa e oito céntimos (1.742,98 euros).</p> | |

| | |
|---|--|
| Expediente 4197/2019. Licenza urbanística | |
| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
| <p>EXPEDIENTE Nº 4197/2019.- Outorgar a J.L.D.R., con enderezo en San Cibrán-Aldán, licenza de obras para construír unha piscina prefabricada de 22,50 m²., no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto técnico R.B.R., de data xuño de 2019. Deberá formalizar perante o Catastro a modificación que se contempla na presente licenza. O presuposto de execución material ascende a catro mil trescentos noventa e un euros con noventa e dous céntimos (4.391,92 €).</p> | |

| | |
|--|--|
| Expediente 4424/2019. Licenza urbanística | |
| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |





EXPEDIENTE N° 4424/2019.- Outorgar a J.M.B.M., con enderezo en Rosada-Coiro, licenza de obras para construír unha piscina de 30,40 m²., no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto técnico J.P.Y., de data 17 de xullo de 2019. Deberá formalizar perante o Catastro a modificación contemplada na presente licenza. O presuposto de execución material ascende a cinco mil cen euros con cincuenta e nove céntimos (5.100,59 €).

Expediente 3863/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 3863/2019.- Outorgar a "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", con domicilio a efectos de notificacións en Travesía de Vigo, n° X PB, para no lugar da rúa Seixo, n° X-Darbo (X), licenza de obras para executar unha canalización de 32 metros liñais para R.B.T.S., de conformidade coa documentación presentada polo enxeñeiro industrial P.T. B., de data 21 de maio de 2019.

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análizacions sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de seis mil douscentos corenta e cinco euros con oitenta e dous céntimos (6.245,82 €), para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Debe computarse no aval global depositado o importe de seis mil douscentos corenta e cinco euros con oitenta e dous céntimos (6.245,82 euros) para responder das obras de reposición da vía pública.

No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Unión Fenosa Distribución. S.A. o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que elo supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.





*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 4110/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4110/2019.- Outorgar a "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", con domicilio a efectos de notificacións en Travesía de Vigo, nº X, licenza de obras para no lugar de Eido da Rita-O Hío (UD 248319040008), executar unha R.B.T.S., para canalización de 16 ml., de conformidade coa documentación presentada polo enxeñeiro industrial Pedro Tizón Barro, de data 5 de xuño de 2019.

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análizacions sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de dous mil seiscentos dezanove euros con trinta e dous céntimos (2.619,32 €), para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 1313/2017. Licenza municipal de primeira ocupación





| | |
|---|---|
| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
| <p>EXPEDIENTE 1313/2017 (EXPTE. 26.215 - LICENZA. 25.006).- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR J.A.G. E S.C.C.- Outorgar LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION a J.A.G. e S.C.C., con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Vigo, nº 10-5º, titulares dos DNI nº ****505** e nº ****190**, de vivenda sita na rúa Benigno Soage, nº X (referencia catastral X), construída ao abeiro da licenza municipal nº 25.006 (X 1313/2017), tendo en conta o certificado final de obra visado o 15.07.2019, visto o informe favorable da arquitecta municipal do PEPRI de data 22 de agosto de 2019 e o informe favorable da xefa de servizo sobre o procedemento a seguir de data 23 de setembro de 2019, trala recepción o día 20 de setembro do informe favorable da UTE.</p> | |

| | |
|--|---|
| Expediente 4984/2018. Expediente nº 4984/2018-S de restauración da legalidade urbanística | |
| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
| <p>Vista a proposta de data 26.09.2019 da xefa de urbanismo, referente ao expediente nº 4984/2018-S de restauración da legalidade urbanística, que é como segue:</p> <p><i>"M.R.G., instrutora designada polo alcalde do Concello mediante proposta de Alcaldía de data 6 de maio de 2019, con relación ao expediente sancionador que se está a tramitar neste Concello nº 4984/218-S, emite a seguinte proposta de resolución vistos os seguintes:</i></p> <p>ANTECEDENTES</p> <p><i>PRIMEIRO.- Por parte de A.N.T. e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística tramitado, efectuáronse no lugar de Punta Alada-O Hío, obras sen licenza consistentes en instalación dunha cadea en espazo de tránsito marítimo terrestre, sen recuar 4,00 metros do eixo do camiño, sendo a construción de carácter ilegalizable, segundo o informe do arquitecto municipal de data 2 de novembro do 2018.</i></p> <p><i>SEGUNDO.- Iniciado expediente sancionador por acordo da Xunta de Goberno Local en data 13 de maio do 2019, dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, o interesado non presenta escrito de alegacións.</i></p> <p><i>TERCEIRO.- Visto canto antecede e de conformidade cos artigos 89 e 90 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, emito a seguinte:</i></p> <p>PROPOSTA DE RESOLUCIÓN</p> <p><i>PRIMEIRO.- Declarar probado, sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras realizadas sen licenza no lugar de Punta Alada- O Hío, o que constitúe unha infracción</i></p> | |





urbanística tipificada no artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como grave, segundo o determina o artigo 158.3 da mesma norma citada, visto o informe do arquitecto municipal de data 2 de novembro do 2018.

SEGUNDO.- Que A.N.T., na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.

TERCEIRO.- Que de acordo co establecido nos artigos 161 da Lei 2/2016, en canto á gravidade da materia se refire, é o suficiente importante para graduar a sanción a impoñer na súa contía seis mil un euros (6001,00 €).

Visto o Decreto da Alcaldía de data 17 de xullo de 2019, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, proponho á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Impoñer a A.N.T., na súa calidade de promotor unha multa sancionadora de seis mil un euros (6001,00 €), por infracción ao ter cometido obras no lugar de Punta Alada-O Hío, consistentes en realizar a instalación dunha cadea en espazo de tránsito marítimo terrestre, sen recuar 4,00 metros do eixo do camiño, sendo a instalación de carácter ilegalizable, segundo o informe do arquitecto municipal de data 02.11.2018.

SEGUNDO.- Advertir ao interesado que, en caso de pagar voluntariamente a sanción durante o período voluntario, aplicarase dunha redución desta do 50%. Non entanto, a súa efectividade estará condicionada ao desistimento ou renuncia de calquera acción ou recurso en vía administrativa contra a sanción.

Así mesmo o responsable da infracción terá dereito a unha redución do 90% da multa no caso de que repoña por si mesma a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 5764/2018. Expediente nº 5764/2018-S de restauración da legalidade urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 26.09.2019 da xefa de urbanismo, referente ao expediente nº 5764/2018-S de restauración da legalidade urbanística, que é como segue:

"Resultando que no lugar de Areabrava-O Hío, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar unha soleira a menos de 4 metros do eixo do camiño.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, 'HAYPPY WORKPLACES SL', promotor.





Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que pode tipificarse en principio como GRAVE, segundo o sinala o artigo 158.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre seis mil un euros (6001,00 €) e sesenta mil euros (60.000,00 €), de acordo co establecido no art. 161.1.b) da referida Lei 2/2016, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei reduciranse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade coa sanción e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ao 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c) da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 17 de xullo de 2019 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a 'HAYPPY WORKPLACES SL', por infracción urbanística, de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución; realizar unha soleira a menos de 4 m. do eixo do camiño, sen licenza para iso.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento sancionador a M. R.G. sendo secretario deste o do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e decreto de delegación de data 17 de xullo de 2019.

CUARTO.- Indicar ao interesado o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016, de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución aos interesados (de selo caso ao denunciante), indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como proposta de





resolución.

SEXO.- Advertir ao interesado que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo ao interesado, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, senprexuízo de que poida interpor o que estime mais conveniente".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 5409/2019. Concesión do servizo de axuda no fogar

| | |
|------------------|---|
| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
|------------------|---|

Vista a solicitude do Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a E.C.F., con DNI nº ***3244** e con expediente nº 36008/01/002372 – 71982, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal
- * Atencións de carácter psicosocial
- * Atencións de carácter doméstico

Custo total do servizo: oitocentos corenta e sete euros con sete céntimos (847,70 €) doce euros con once céntimos (12,11 €hora).

Achega económica da persoa usuaria: cento trinta e un euros con corenta e dos céntimos/mes (131,42 €/mes).

Número de horas: 70 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 1 de outubro de 2019.

Expediente 5515/2019. Concesión do servizo de axuda no fogar

| | |
|------------------|---|
| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
|------------------|---|

Vista a solicitude do Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa





solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

CONCEDERLLE a M.C.B.S., con DNI nº ***6549** e con expediente nº 36008/01/000922 –21171, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal
- * Atencións de carácter psicosocial
- * Atencións de carácter doméstico

Custo total do servizo: cincocentos corenta e catro euros con noventa e cinco céntimos (544,95 €) doce euros con once céntimos (12,11€/hora).

Achega económica da persoa usuaria: 101,25 €/mes.

Número de horas: 45 h/mes.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do mes de outubro de 2019.

Expediente 5523/2019. Concesión do servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude do Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a J.V.R., con DNI nº ***2861** e con expediente nº 36008/02/002289 –69054, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo aos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal
- * Atencións de carácter psicosocial
- * Atencións de carácter doméstico

Custo total do servizo: catrocentos vinte e tres euros con oitenta e cinco céntimos (423,85 €) doce euros con once céntimos (12,11 €/hora),

Achega económica da persoa usuaria: cento vinte e oito euros con oitenta céntimos (128,80 €/mes).

Número de horas: 35 horas.





Data de efectos de alta no SAF: a partir do 1 de outubro de 2019.

Expediente 5522/2019. Concesión do servizo de axuda no fogar

| | |
|------------------|---|
| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
|------------------|---|

Vista a solicitude do Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a G.A.V.B., con DNI nº ***6117** e con expediente nº 36008/01/002288, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de libre concorrencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal
- * Atencións de carácter psicosocial
- * Atencións de carácter doméstico

Custo total do servizo: cento cincuenta e tres euros con seis céntimos (153,6 €) doce euros con oitenta céntimos (12,80 €hora).

Achega económica da persoa usuaria: cero euros/mes (0,00 €/mes).

Número de horas: 12 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 1 de outubro de 2019.

Expediente 5512/2019. Concesión do servizo de axuda no fogar

| | |
|------------------|---|
| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
|------------------|---|

Vista a solicitude do Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a A.P.P., con DNI nº ***3285** e con expediente nº 36008/01/001464 – 67298, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:





Concello de Cangas

- * Atencións de carácter persoal
- * Atencións de carácter psicosocial
- * Atencións de carácter doméstico

Custo total do servizo: cincocentos corenta e catro euros con noventa e cinco céntimos (544,95 €) doce euros con once céntimos (12,11 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: cento sesenta e seis euros con cincuenta céntimos (166,50 €/mes).

Número de horas: 45 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 1 de outubro de 2019.

Expediente 2119/2017. Ampliación do servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude do Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* **CONCEDERLLE** a C.V.D., con DNI nº ***5778**, con expediente nº 36008/01/002194 -55959, a ampliación do Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal
- * Atencións de carácter psicosocial
- * Atencións de carácter doméstico

Custo total do servizo: douscentos corenta e dous euros con vinte céntimos (242,20 €) doce euros con once céntimos (12,11 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: cero euros/mes (0,00 €/mes).

Número de horas: 20 horas

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 1 de outubro de 2019.

Expediente 4395/2019. Proposta da concellería de servizos sociais, igualdade, feminismo e sani para a aprobación das axudas do servizo de comedor escolar, curso 2019/2020

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentim

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: R3HF44EEWZNGYELJXTYRYGWRS | Corrección: http://cangas.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 19



Vista a proposta de data 25.09.2019 da concelleira de servizos sociais, igualdade, feminismo e sanidade, referente a aprobación definitiva das axudas do servizo de comedor escolar para o curso 2019/2020, queé como segue:

"PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DAS AXUDAS DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR, CURSO 2019/2020

Mª Victoria Portas Mariño, concelleira de servizos sociais, igualdade, feminismo e sanidade,

PROPÓN: á Xunta de Goberno Local a aprobación definitiva das axudas do servizo de comedor escolar destinado a alumnos/alumnas de educación infantil (segunda etapa) e de educación primaria dos CEIP Nazaret, CEIP O Hío, CEIP Espiñeira e CEIP A Rúa, para o curso 2019-2020.

| Nº REXISTRO | APELIDOS, NOME SOLICITANTE DNI | APELIDOS, NOME USUARIO/USUARIA COMEDOR | CENTRO DOCENTE CEIP PRAZA // DÍAS | BONIFICACIÓN | IMPORTE AXUDA PROPOSTA | RESOLUCIÓN | MOTIVO |
|-------------|--------------------------------|---|-----------------------------------|--------------|------------------------|------------|--------|
| 10.699 | D. G., A. ****8376* | C. D., A. Nada o 03/01/10 | NAZARET FIXA | 50% | 290,40 € | CONCEDIDA | |
| 10.767 | R. S., M. L. ***1015** | V. R., M. L. Nada o 19/08/07 G. R., A. Nado o 16/01/13 | NAZARET FIXA | 100% | 1.161,60 € | CONCEDIDA | |
| 10.771 | R. J., G. ***1989** | C. R., D. J. Nado o 06/10/14 | NAZARET FIXA | 50% | 290,40 € | CONCEDIDA | |
| 10.080 | L. P., K. A. ***6302** | G. L., D. A. Nado o 01/09/2005 | NAZARET FIXA | 100% | 580,80 € | CONCEDIDA | |
| 10.827 | M. M., E. ***5237** | G. M., I. Nada o 25/10/11 G. M., D. Nada o 25/10/11 | A RÚA FIXA | 50% | 580,80 € | CONCEDIDA | |
| 10.877 | P. P., A. I. ***3356** | M. P., A. Nado o 10/02/15 | A RÚA FIXA | 100% | 580,80 € | CONCEDIDA | |
| 10.926 | V. P., P. ***1035** | G.V., V. Nada o 28/03/15 | NAZARET FIXA | 100% | 580,80 € | CONCEDIDA | |
| 11.008 | F. C., R. M. | B. F., V. | A RÚA | 100% | | CONCEDIDA | |





Concello de Cangas

| | | | | | | | |
|--------|---------------------------|----------------------------------|------------------------|-----------------|----------|---------------|--------------------|
| | ***9526** | Nada 22/12/13 | o FIXA | | 580,80 € | A | |
| 11.039 | B. P., A. ***1064** | D. P., D. Nado 31/12/13 | o | NAZARET FIXA | 100% | 1.742,40 € | CONCEDID A |
| | | B. P., S. Nado 05/11/14 | o | | | | |
| | | B. P., C. Nada 05/11/14 | o | | | | |
| 11.064 | S. G., M. ***3463** | S. G., D. Nada 26/06/12 | o A RÚA FIXA | 0% | 0,0 € | DENEGADA | SUPERA INGRESOS |
| 11.075 | Q. P., R. A. ***2070** | A. Q., M. S. Nada 11/06/08 | o NAZARET FIXA | 85% | 493,68 € | CONCEDID A | |
| 11.079 | S. M., R. ***4026** | P. S., X. Nado 13/02/15 | o O HIO FIXA | 0 % | 0,00 € | DENEGADA | SUPERA INGRESOS |
| 11.146 | J. R., D. I. ***6643** | S. J., F.I. Nada 10/01/10 | o | NAZARET FIXA | 85% | 987,36 € | CONCEDID A |
| | | S. J., J. A. Nado 28/07/13 | o | | | | |
| 11.147 | T. O., L. M. ***5788** | R. T., B. A. Nado 10/07/07 | o | NAZARET FIXA | 100% | 2.323,20 € | CONCEDID A |
| | | R. T., K. A. Nado 18/04/09 | o | | | | |
| | | R. T., K. M. Nada 27/02/11 | o | | | | |
| | | R. T., J. A. Nado 08/11/15 | o | | | | |
| 11.162 | E. G., M. E. ***4146** | G. E., Y. Nada 31/12/15 | o A RÚA FIXA | 0% | 0,0 € | DENEGADA | SUPERA INGRESO |
| 11.182 | O. C., E. ***3993** | C. O., Z. Nada 26/12/13 | o NAZARET FIXA | 0% | 0,0 € | DENEGADA | SUPERA INGRESO |
| 11.185 | R. J., T. ***1547** | B. R., L. Nada | o NAZARET L-Me-V | 85% | 291,72 € | CONCEDID A | |



Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

| | | | | | | | |
|--------|---------------------------|------------------------------------|---------------------|------|----------|-----------|--------------------|
| | | 04/05/13 | | | | | |
| 11.199 | A. F, E. ***4076** | F. A., V. Nada o 16/05/11 | NAZARET L-M-Me-X | 0 % | 0,00 € | DENEGADA | SUPERA INGRESOS |
| 11.230 | V. M., M. F. ***6119** | S. V., E. N. Nado o 23/06/12 | NAZARET FIXA | 60% | 696,96 € | CONCEDIDA | |
| | | S. V., L. I. Nado o 11/12/14 | | | | | |
| 11.231 | R. R., M. R. ***8739** | T. R., A. J. Nado o 26/01/12 | NAZARET FIXA | 100% | 580,80 € | CONCEDIDA | |
| 11.237 | G. I., E. ***3620** | G. G., B. Nado o 15/06/10 | A RÚA FIXA | 0% | 0,0 € | DENEGADA | SUPERA INGRESOS |
| | | G. G., L. Nada o 26/12/14 | | | | | |
| 11.291 | R. A., M. ***6707** | M. R., E. Nado o 27/08/16 | ESPIÑEIRA FIXA | 0 % | 0,00 € | DENEGADA | SUPERA INGRESOS |
| 11.377 | P. C., A. ***6728** | P. P., A. Nado o 26/07/11 | ESPIÑEIRA FIXA | 85 % | 493,68 € | CONCEDIDA | |
| 11.388 | P. P., E. ***1841** | F. P., N. V. Nada o 17/03/08 | ESPIÑEIRA FIXA | 50% | 580,80 | CONCEDIDA | |
| | | F. P., S. C. Nado o 10/10/11 | | | | | |
| 11.403 | O. G., E. ***1060** | A. O., L. Nada o 25/07/13 | O HIO FIXA | 85% | 493,68 € | CONCEDIDA | |
| 11.409 | M. C., P. ***3492** | O. M., B. Nado o 29/06/13 | O HIO FIXA | 0 % | 0,00 € | DENEGADA | SUPERA INGRESO |
| 11.422 | P. R., A. B. ***7293** | M. P., C. Nado o 24/02/10 | A RÚA FIXA | 0% | 0,00 € | DENEGADA | SUPERA INGRESO |
| | | M. P., A. Nado o 07/09/12 | | | | | |
| 11.483 | C. C., M. ***3142** | L. C.N, I. Nado o 01/12/14 | NAZARET FIXA | 50% | 290,40 € | CONCEDIDA | |

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850





Concello de Cangas

| | | | | | | | |
|--------|-------------------------------|---|-------------------------------|------|----------|-----------|--------------------|
| 11.484 | P. M., S. ***3910** | M. P., C. Nado 27/09/09 | o ESPIÑEIRA FIXA | 100% | 580,80 € | CONCEDIDA | |
| 11.486 | A. V., R. M. ***3240** | A. V., C. S. Nada 20/11/11 | o NAZARET FIXA | 0 % | 0,00 € | DENEGADA | SUPERA INGRESOS |
| 11.487 | D., M. A. A.. ****8073* | D. D., A. A. Nada 09/09/15 | o NAZARET FIXA | 85% | 493,68 € | CONCEDIDA | |
| 11.488 | F.B., C. ***3631** | G. F., L. Nado 23/01/16 | o O HIO FIXA | 50% | 290,40 € | CONCEDIDA | |
| 11.489 | I. S., L. ***3632** | G. I., J. M. Nado 20/10/11 R. I., T. Nado 12/04/14 | o O HIO o FIXA | 0% | 0,00 € | DENEGADA | SUPERA INGRESOS |
| 11.490 | K., M. ****0671* | C. K., . Nada 12/10/07 T. K., P. Nada 22/07/11 | o NAZARET o FIXA | 85% | 987,36 € | CONCEDIDA | |
| 11.491 | O., D. ****8235* | O. R., D. Nado 01/09/13 | o NAZARET FIXA | 100% | 580,80 € | CONCEDIDA | |
| 11.521 | P. P., M. P. ***1893** | C. P., X. Nado 15/11/07 C. P., A. Nada 05/06/15 | o NAZARET o FIXA | 0% | 0,0 € | DENEGADA | SUPERA INGRESO |
| 11.541 | T. P., G. ***3088** | T. F., A. Nada 07/11/11 T. F., A. Nada 11/09/13 | o A RÚA o M-X | 0% | 0,0 € | DENEGADA | SUPERA INGRESO |
| 11.555 | F. G., C. ***0141** | G. F., A. Nado 21/06/13 | o O HIO FIXA | 85% | 493,68 € | CONCEDIDA | |
| 11.557 | I. C., C. ***1863** | C. I., M. Nado 09/09/09 C. I., P. Nado | o O HIO o FIXA | 50% | 580,80 € | CONCEDIDA | |



Cod. Validación: R3HF44EEWZNGYELJTYR YGWR5 | Corrección: http://cangas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 19

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



| | | | | | | | |
|--------|------------------------|--|-----------------|------|------------|-----------|--|
| | | 27/09/12 | | | | | |
| 11.560 | P. C., A. ***1273** | M. P., E. Nada o 28/09/10 F. P., A. Nada o 24/06/15 | NAZARET FIXA | 100% | 1.161,60 € | CONCEDIDA | |

- Número de solicitudes presentadas: 40 (58 menores).
- Número de solicitudes con proposta de concesión: 27 solicitudes (40 menores con praza comedor bonificada).
- Contía total das axudas de comedor con proposta de concesión para o curso 2019/2020: dezaoto mil setecentos noventa euros con vinte céntimos (18.790,20 €), correspondendo a:
 - Meses de setembro a novembro de 2019: seis mil oitenta e seis euros con trinta e seis céntimos (6.086,36 €).
 - Meses de decembro 2019 a xuño de 2020: doce mil setecentos tres euros con oitenta e cinco céntimos (12.703,85 €)".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita da concelleira de servizos sociais, igualdade, feminismo e sanidade.

Expediente 5844/2018. Proposta da concellería de desenvolvemento económico, emprego, mar s/cambio de titularidade da autorización de venda ambulante

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 26.09.2019 da concellería de desenvolvemento económico e emprego, mar e rural, referente a transmisión de autorización do posto de venda ambulante nº 149, que di o seguinte:

"ANTECEDENTES

*Por escrito de data de rexistro de entrada 30.08.2019, I.G.R., con DNI nº ***5474** e enderezo en rúa Pepe Castro, nº X Vigo-Pontevedra, solicita o cambio de titularidade do posto do que é titular a favor de D. E.L.S., con DNI ***7004**, domiciliado en rúa Torneiros, fase X-O Porriño- Pontevedra, quen manifesta a súa intención de adquirir dita autorización.*

Á solicitude anterior achégase da documentación acreditativa dos requisitos necesarios para que se produza a transmisión.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- A Lei 13/2010 de comercio interior de Galicia establece, no seu artigo 76, que as licenzas serán transferibles a outras persoas físicas ou xurídicas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 72.2 da citada norma, previa comunicación á administración competente.

II.- O artigo 16 da vixente Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo





municipal de Cangas (BOP 25.04.2013), nesa mesma liña prevé a transmisibilidade das autorizacións municipais de venda ambulante cumprindo cos requisitos establecidos no mesmo polo tempo restante da licenza e previa satisfacción da taxa correspondente.

*III.- No presente caso, vista a documentación presentada xunto coa solicitude, danse as circunstancias para outorgar a transmisión solicitada a favor do adquirente E.L.S., con DNI ***7004***

IV.- O órgano competente para autorizar a transmisión que se comunica é a Xunta de Goberno Local con base no disposto no artigo 16.2 da ordenanza municipal.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de:

ACORDO

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude de cambio de titularidade da autorización de venda ambulante do posto nº 149 do mercado dos venres (8,00 m. textil), do que era titular D. I.G.R. a favor de E.L.S., adoptando as disposicións oportunas para a súa formalización.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados, así como á concellería de desenvolvemento económico e emprego, mar e rural, rstatística e tesourería".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de resolucións de licenzas e comunicacións previas

A Xunta de Goberno Local queda informada das seguintes resolucións da Alcaldía de licenzas de obras e comunicacións previas:

- Decreto número: 2019-1054 Data: 03.07.2019
- Decreto número: 2019-1093 Data: 10.07.2019
- Decreto número: 2019-1143 Data: 18.07.2019
- Decreto número: 2019-1151 Data: 19.07.2019
- Decreto número: 2019-1209 Data: 01.08.2019
- Decreto número: 2019-1283 Data: 09.08.2019
- Decreto número: 2019-1323 Data: 14.08.2019
- Decreto número: 2019-1353 Data: 20.08.2019
- Decreto número: 2019-1402 Data: 27.08.2019
- Decreto número: 2019-1430 Data: 03.09.2019
- Decreto número: 2019-1443 Data: 06.09.2019
- Decreto número: 2019-1452 Data: 09.09.2019
- Decreto número: 2019-1496 Data: 16.09.2019
- Decreto número: 2019-1504 Data: 19.09.2019
- Decreto número: 2019-1507 Data: 20.09.2019





Concello de Cangas

- Decreto número: 2019-1547 Data: 25.09.2019.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: R3HF44EEWZNGYELJXTYR YGWR5 | Corrección: <http://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 19